



## FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO  
OFICINA 1 - 36209 VIGO  
TELÉFONO: 986 21 29 82  
G15102767



Acta da reunión da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tenis celebrada o día 24 de marzo de 2023 ás 17:30 horas en segunda convocatoria, na aula número 11 da EGAP en Santiago de Compostela.

Asisten:

Presidente: D. José Mosquera Casero

Estamento Xuíces Árbitros:

D. Manuel Ángel Martínez Baz

Estamento de Técnicos:

D. Jorge Comesaña Comesaña

Estamento Deportistas A Coruña:

D. José Deus Brage

D. Fernando Placer Manzanaro

Estamento Deportistas Pontevedra

D. Luis Juan Fernández Martínez

D. Eduardo Giménez Cencillo

D. Eduardo Nicolás Espín

Estamento Clubs:

Club Casino Sportin Coruña: D. Juan José Medín  
Guyatt

Club de Tenis Compostela: D. Miguel Cartón  
Colinas

Club Fluvial de de Lugo: D. Manuel Castiñeiras  
Abuín

Club Dtivo Dereito Empresariais: D. Julio César  
Rodríguez González

Club Santo Domingo; D. Gabriel Fernández  
Mourelle

Ureca: D. Rodrigo González Rodríguez

Club de Tenis Pontearreas: Juan Carlos García  
Márquez

Asisten técnicamente ao Presidente e ao Secretario  
Marco A. Casal Costas

M.ª Jesús Fernández García

O presidente abre a sesión agradecendo aos asistentes a súa presenza.

### 1. Aprobación da acta da última reunión.

Aprobase a acta por unanimidade.

Antes de pasar o seguinte punto, solicita a palabra Eduardo Gimenez solicita que as Asembleas volvan a celebrarse en sábado, xa que e venres e un día de traballo para a maioría dos componentes da Asemblea.

### 2. Memoria Deportiva da Federación Galega de Tenis, 2022

Marco A Casal Costas toma a palabra e fai un resumo de los distintos apartados e información máis relevante da memoria do 2022.

Cómentase entre os asistentes si é necesario que sexa tan extensa.

Infórmase que a memoria deportiva de cada ano faise chegar á Secretaría Xeral para O Deporte acompañada polo resto de documentación de obrigado cumprimento como requisito ao recibo das subvencións de cada ano.

### 3. Avance o Liquidación do exercicio de 2022

Toma a palabra o presidente, que explica o motivo da tardanza na convocatoria desta reunión. A Federación quería esperar ao pago do importe total por parte da Secretaría Xeral do programa Xogade e que foi realizado o 21 de marzo, o que permite formalizar o peche do exercicio 2022. Deseguido da conta do informe dos membros de Comisión Delegada.

Unha vez recibida a totalidade do pago do Plan de Corresponsables dáse conta da liquidación do exercicio 2022. Dando como resultado un beneficio de 8190,59€ cúmprese a esixencia fixada pola administración tutelante "Xunta de Galicia".

En referencia á aprobación do orzamento do 2023, preséntase un orzamento de ingresos polo importe de 673493,20€ e un orzamento de gastos polo importe de 670012,85€ que lanza un superávit de 3480,35€ e que á súa vez cumpre coa esixencia da administración tutelante "Xunta de Galicia".

Visto o cumprimento das dúas esixencias fixadas pola administración, infórmase favorablemente a liquidación do exercicio 2022 e o orzamento para o 2023.

Dada a importancia da contía recibida do Plan Corresponsables, infórmase con detalle sobre as actuacións realizadas e os beneficiarios deste plan.



## FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO  
OFICINA 1 - 36209 VIGO  
TELÉFONO: 986 21 29 82  
G15102767



Algúns dos asistentes, dan o parabén polo logro conseguido, á vez que tamén transmiten que non entenderon ben o alcance do mesmo. Éntrase en debate, Marco A Casal, explica que a todo o mundo tratóuselle da mesma maneira, que houbo menos demanda que oferta e que se puido atender, coas prioridades esixidas toda a demanda que se recibiu.

Tamén explica que para 2023, a Secretaría Xeral ten pensado de novo facer convocatoria para o desenvolvemento do plan, cun sistema diferente de convocatoria e que están a traballar nunha aplicación de acceso aos usuarios para a planificación e organización do programa. É de supoñer, que en 2023 entrarán moitas mais federacións e iso fará que baixe o volume de subvención.

Procédese á votación da aprobación das contas anuais do exercicio do 2022

A favor: 8 votos

En contra: 7 votos

Queda aprobada a liquidación das contas do exercicio de 2022

#### **4. Aprobación do Orzamento de ingresos e Gastos do 2023.**

De novo o presidente toma a palabra e explica aos asistentes o incremento por partidas para o 2023. En relación a soldos e salarios explica o que se axustarán a unha subida do 3.5% de acordo ás subidas anuais que viñan sendo habituais mais un 1.5% mais, para ir mellorando a baixada de soldos realizados en 2014. Aplícase tanto ao persoal administrativo como ao persoal técnico e de Samil. Resumo o incremento do resto de partidas.

D. Luís Fernández Martínez solicita a palabra e quere deixar constancia que non está de acordo en que se destine tanto orzamento á organización de torneos internacionais. Ao que o presidente respóndelle que o está agradecido aos clubs que mostran tanto interese na celebración deste tipo de competicións, que doutra banda xa abarcan case todas as categorías. Serán posiblemente 15 torneos de especial relevancia, xa que Club de Campo de Vigo retoma o internacional masculino no mes de outubro, o CCD Sanxenxo implicouse na organización dun &25000 de homes, ademais do junior, senior e cadete, o Sporting Club Casino Coruña e o Tenis Pontevedra cun CHE sub 14 cada un, o junior de Vigo que leva Noli Álvarez, os ITF Senior do Tenis Coruña, Real Aero Club de Santiago e A'Tobeira, os dous WTA de Vigo e Ourense e a posibilidade de celebrar coa colaboración da Federación Portuguesa de 80000€ na zona sur de Galicia. Todos eles co seu propio orzamento de ingresos específicos por parte das institucións das diferentes zoas e no seu caso por parte da RFET o que implica que non interfere no desenvolvemento do resto de actividade federativa

Procédese á votación da aprobación do orzamento de 2023

A favor: 8 votos

En contra: 7 votos

Queda aprobada o orzamento federativo para o exercizo do 2023

#### **5. Tarifas para o ano 2023**

Resúmense as tarifas por seccións

Licencias 2023/2024 – de 45 a 47€ e de 24 a 25€

Mantéñense os bonos licencia, o desconto de 1ª e 2ª licenza. A RFET sacou unha promoción especial de 6€ (normalización de todas os xogadores do club a licenza) pero non funcionou como esperábase. Está promoción a mantendrán de cara a nova temporada, pero non hai que olvidar o requisito que para obter este desconto, os xogadores das escolas deben estar todos federados.

Como novidade, o presidente informa da nova subvención a licenzas para aqueles xogadores que leven 10 o máis anos consecutivos con licenza aos que se aplicarán 5€ de desconto.

[www.fgtenis.net](http://www.fgtenis.net) e-mail:[info@fgtenis.net](mailto:info@fgtenis.net) Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767



**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO

Procédese a votación:

A favor: 8 votos

Abstencións: 1 voto

As tarifas son aprobadas para el 2023

- 6. Autorización ao presidente para solicitar pólizas de crédito por valor máximo do 10% do orzamento e así mesmo ata o máximo do importe do 100% de subvencións específicas concedidas en firme.**

É autorizada polos asistentes

### **7. Calendario de competición do 2023.**

Marco A Casal resume o calendario da competición de todo o ano. Éntrase en debate sobre o campionato por equipos, o apertado do mesmo. Lémbrese o continuo ascenso de inscricións de equipos, tal é así que de uns 280 equipos en 2015 pásase aos mais de 500 equipos en 2022. Esta subida de inscrición fai que o comité de competición teña que asumir decisións que non poden gustar a todos os equipos, como ter que aproveitar todas as semanas posibles do calendario destinado a esta competición.

Doutra banda, hai que ir compaginandolo coa competición individual dos campionatos galegos e os do Acórdase solicitar á RFET que pase o inicio de vixencia da licenza ao 01 de setembro en lugar do 01 de outubro, xa que se fose así se gañarían unhas semanas para a competición do último trimestre do ano Circuito Gallego Head.

Procédese a votación para a aprobación do calendario:

A favor: 8 votos

En contra: 1 voto

### **8. Modificacións ao Regulamento de Competicións.**

Con motivo da pandemia por acordo de Asemblea quedarase en que o regulamento de sancións non fóra de aplicación. Tendo en conta que se superou a mesma, a Xunta Directiva estimou que é necesario que se volva a ter en conta esta regulamentación.

A Xunta Directiva ao estudala considerou que debe ser modificada e presentou unha proposta á Asemblea. Como non se chega a un acordo e despois de abandonar a sala bastantes dos asistentes, decídese que en próxima reunión de Comisión Delegada estúdense profundamente estas modificacións e apróbense para a súa aplicación na competición do último trimestre. A reunión de Comisión Delegada será no mes de xullo, polo que se considera que haberá tempo suficiente para facer un bo estudo das modificacións que presenta a Xunta Directiva.

Explícase o procedemento de habilitación de licenzas por parte da RFET.

Trátase de que un xogador con licenza por independente por unha Comunidade, poida xogar a competición por equipos noutra.

Decídese poñer unha cota de 20€ para aqueles xogadores que veñan doutra comunidade que se acollan á habilitación de licenzas por Galicia.

### **9. Propostas recibidas na Federación Galega de Tenis por D. Luis Fernández Martínez**

Como Luis Fernández xa non está na reunión e non pode defender as súas propostas decídese deixalas para a próxima reunión.

Para esta reunión admitíronse ademais as propostas de D. José Deus que chegaron en tempo de poder envalas ao resto de membros dá asemblea, As propostas son aprobadas polos asistentes. Son as seguintes Bos días, Nos Campionatos Galegos Individuais: Nas probas con menos de oito rexistrados disputaranse por

[www.fgtenis.net](http://www.fgtenis.net) e-mail:[info@fgtenis.net](mailto:info@fgtenis.net) Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767



## FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO  
OFICINA 1 - 36209 VIGO  
TELÉFONO: 986 21 29 82  
G15102767



liga/cadro a criterio do xuíz arbitro. Nos cadros de dobres con menos de catro parellas poderanse agrupar categorías.

Apróbase a modificación que solicita do regulamento específico do Gallego por Equipos +60 para eliminar o apartado que indica a obrigaón de iniciar os encontro polos dobres.

### **10. Informes do Presidente.**

Informa o presidente que sigue insistiendo na RFET con temas recurrentes, tal como o permiso de dobrar partidos para evitar desprazamentos e que insistirá co tema do inicio da vixencia da licenza ao 1 de setembro para gañar tempo no inicio da competición do último trimestre.

### **11. Ruegos y preguntas**

O Presidente do Club de Tenis Ponteareas, Juan Carlos García Márquez, solicita o apoio federativo aos torneos con histórico en edicións.

Acórdase estudar esta posibilidade, xa que podería colaborarse desde a federación con por exemplo con pelotas. Presentarase á Xunta Directiva un proxecto de bases para que os clubs poidan optar ás posibles axudas que se dean desde a Federación.

E non habendo mais temas que tratar, dáse por pechada a sesión sendo as 20:45 horas, que asino como secretario desta reunión co visto e praxe do presidente

Julio César González

Vºe Praxe  
O presidente

Secretario da reunión